



O operador galego revalida o seu respaldo ao deporte da comunidade e ao club coruñés que xoga na categoría LEB “Ouro” do baloncesto español

R renova o seu patrocinio co Club Básquet Coruña para a tempada 2021-2022

- ***R patrocinará o Básquet Coruña ata o peche da presente tempada, incluíndo os partidos de play-off tras os encontros ordinarios da liga LEB “Ouro”.***
- ***Roberto Cibeira, Presidente do Básquet Coruña, manifestou que “estamos orgullosos de que o operador galego R siga confiando en nós; é moi importante manter o apoio de empresas que levan tanto tempo ao noso lado”.***
- ***Para Alfredo Ramos, Director de R, este acordo avala unha vez máis “o noso compromiso co deporte galego e cun equipo senlleiro do baloncesto herculino que aposta polo talento do país, cunha canteira de centenaes de nenos e nenas”.***
- ***A imaxe de marca de R estará presente na cartelaría, web e outros soportes do club ademais de nos paneis LED que rodean as canchas e se activarán en cada cuarto dos encontros do Básquet Coruña.***
- ***Xogadores do equipo coruñés de baloncesto asinarán autógrafos nunha tendaR en 2022, ratificando así a amizade e colaboración entre o club e o operador galego tamén esta tempada.***

Mércores, 24 de novembro de 2021.- R volve patrocinar o Club Básquet Coruña, desta volta durante a tempada da liga LEB “Ouro” 2021-22 do baloncesto español. O acordo que veñen de asinar a entidade deportiva coruñesa e o operador de telecomunicacións galego inclúe todos os partidos da liga LEB “Ouro” onde xoga o equipo e tamén os encontros eliminatorios (*play-off*) que sentencian os ascensos e descensos de categoría na competición de básquet.

O compromiso de R ao longo dos anos coas principais modalidades do deporte galego concrétese esta vez no respaldo ao Club Básquet Coruña, co que renova a súa colaboración para seguir dinamizando o baloncesto do territorio e avala o traballo dun club que cre na súa canteira: máis de 500 nenos e nenas que poderán converterse nos xogadores do conxunto baloncestista nun futuro nada afastado.

O Presidente do Básquet Coruña, Roberto Cibeira, incidiu en que *“para seguir crescendo como club é imprescindible seguir contando coas empresas que están a carón de nós dende hai tanto tempo; o operador galego R apoia o baloncesto en toda a nosa Comunidade Autónoma e é unha peza moi importante para este deporte. Alegrámonos moito de que siga confiando en nós e esperamos que este camiño conxunto lle sexa moi satisfactorio”*.

Alfredo Ramos puxo en valor o traballo do club de baloncesto herculino e, sobre todo, *“a súa confianza nese talento que tantas alegrías lle deu e lle pode dar en Galicia á afección baloncestista”*. O Director de R expresou igualmente a súa *“satisfacción ante esta oportunidade de aliarse co Básquet Coruña e de mostrar, coa presenza da marca R nos partidos, o noso apoio a un dos equipos máis representativos da cidade das dúas últimas décadas. Hoxe podemos anunciar con orgullo que retomamos xuntos, R e o Básquet Coruña, ese camiño de esforzo compartido para traballar polas vitorias e, sobre todo, polos valores inherentes ao deporte”*.

En virtude do acordo, a **imaxe de marca do operador galego**, ademais de estar presente na web, cartelaría e outros soportes do club, coarase nos partidos do Básquet Coruña e así, o logo de R iluminarase en cada cuarto dos encontros a través das bandas LED perimetrais que habitualmente rodean as canchas de baloncesto.

Como colofón deste último convenio de patrocinio e colaboración entre o club de baloncesto e R, xogadores do equipo coruñés **asinarán proximamente autógrafos aos seus afeccionados nunha tendaR**. Este encontro coa afección do club, xa en 2022, porá en escena o mencionado camiño compartido que retoman un ano máis o Básquet Coruña e o operador galego.

Sobre o Club Básquet Coruña

*Club Basquet Coruña S.A.D. é un club de baloncesto nado na Coruña hai 25 anos e cuxa filosofía se basea en 3 grandes alicerces: o **primeiro equipo** profesional que milita na liga LEB “Ouro”, as **categorías base**, onde contamos con máis de 500 nenos e nenas, e a **parte social e de actividades**, onde destacan as nosas causas sociais, “17 partidos, 17 causas”, dedicadas a diferentes asociacións ou entidades en cada partido, ademais das actividades, cos nosos campus de Nadal, Semana Santa e o Campus Milenium, que se celebra cada verán dende hai máis de 26 anos (www.basquetcoruna.com).*

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego está presente en máis de 140 concellos e presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas. (R.gal). Na actualidade R atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura para todos/as os seus clientes/as, que disporán da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal